

# OS COIDADOS IMPORTAN 8 PROPOSTAS PARA AVANZAR CARA A UN SISTEMA PÚBLICO DE COIDADOS

**29 DE OUTUBRO DE 2023  
DÍA INTERNACIONAL  
DOS COIDADOS E O APOIO**

En UGT Servizos Públicos consideramos necesario fortalecer a acción sindical para que os coidados sexan unha prioridade na nosa sociedade, por iso traballamos cada día por:

## **1.- CONSTRUIR UN SISTEMA PÚBLICO DE COIDADOS FEMINISTA**

Apostamos por desenvolver un sistema público de coidados que sexa universal, accesible, equitativo e próximo para todas as persoas. Sendo necesario incorporar a perspectiva feminista nos orzamentos das administracións públicas de modo que se recoñeza, reduza e redistribúa a prestación de coidados non remunerada.

## **2.- SITUAR AS PERSOAS NO CENTRO DO MODELO DE COIDADOS**

Desenvolver un modelo centrado nas persoas é recoñecer a súa singularidade e enfocarse nas súas capacidades, decisións, preferencias e opcións para fomentar a autonomía. É impulsar un modelo integral e profesionalizado que permita dar resposta ás necesidades, prestando especial atención a aquelas situacións onde o dereito ao coidado necesita ser especialmente protexido. É por tanto adaptar o sistema ás persoas e non as persoas ao sistema de coidados.

## **3.- MÁIS SERVIZOS PÚBLICOS**

Para dar unha resposta de calidade ás actuais necesidades de coidados urxe fortalecer e ampliar os servizos públicos vinculados a estes; débese aumentar o investimento en todos aqueles servizos públicos que van desde a atención á dependencia, servizos sociais, sanitarios ou educativos, entre outros. Ademais, para garantir a equidade deben ser de prestación directa por parte da administración de modo que se posibiliten as mellores respostas de intervención e actuación.

## **4.- MELLORAR A COORDINACION PARA GARANTIR A EFECTIVIDADE**

A experiencia ata o de agora na xestión dos servizos públicos de coidados móstranos que é básico desenvolver un sistema de actuación, coordinación e colaboración multinivel (estatal, autonómico e local), para que as políticas de coidados sexan integrais e eficaces en todas as fases, desde o deseño á súa implementación.

## 5.- CONDICIÓN DIGNAS NOS TRABALLOS DE COIDADOS.

Son necesarios salarios dignos e eliminar a precariedade que se dá nos empregos de coidados tradicionalmente realizados por mulleres. É preciso prestar especial atención aos factores de discriminación múltiple como a orixe, a etnia, a discapacidade, ser vítima de violencia machista, ou o feito de ser familia monoparental entre outras cuestións.

## 6.- COIDAR A QUEN COIDA

É esencial visibilizar as consecuencias das condicións de traballo e saúde dos e das traballadoras dos coidados, xa que aquilo que non se recoñece, non existe. É clave incluír a perspectiva de xénero en en todas e cada unha das actuacións preventivas, sendo fundamental desenvolver indicadores específicos e investigar os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais para poder garantir unha adecuada protección da seguridade e saúde.

## 7.- FORTALECER A INSPECCION

É necesario fortalecer o traballo da Inspección para vixiar e facer cumprir a normativa da orde social que combate a discriminación (tanto con respecto ás disposicións legais e regulamentarias como ao contido normativo dos convenios colectivos). Sendo fundamental impulsar e coordinar a actuación en todo o ámbito xeográfico nacional para que se dea de maneira homoxénea.

## 8.- A CALIDADE BASEADA EN EXERCER DEREITOS

Garantir os recursos necesarios para a negociación de convenios e plans de igualdade co fin de facilitar que se poidan exercer os dereitos relacionados coa conciliación, promoción, o desenvolvemento de ambientes laborais saudables así como previr o acoso sexual ou por razón de sexo, entre outras cuestións é fundamental para a calidade dos traballos de coidados.

